

Viernes 30 de setiembre del 2011

SANTIAGO

rosa enríquez «Para min, a desobediencia é un acto ético»

x. m. santiago / la voz [30/9/2011]

Rosa Enríquez Noya (Rúa, 1969) presentou onte na Libraría Couceiro de Santiago seu derradeiro traballo literario, Desobediencia, un libro de poemas que fala sobre todo da necesidade de romper as imposturas da palabra e pasar a acción. Para ela, «a desobediencia é un acto ético» e as verbas «ás veces se reducen a exercicios sintácticos e logo non son certos». Esta escritora galega, licenciada en Hispánicas e profesora de francés no instituto Macías o namorado de Padrón, é un ariete contra todos aqueles que falan por falar. Que finxen comportamentos que logo non cumplen. É contra esos círculos pechados e baleiros de frescura, contra esos ámbitos de grupos impermeables onde non transitan as ideas, contra os que Enríquez desobedece en forma de poema. Desobediencia, editado por A porta verde do séptimo andar, consta de catro partes a modo de capítulos e ten versos en galego, en castelán e máis en francés.

